



Concello de RAMIRAS

NIF : P3206900 G
Tf. : 988 491 523
Fax : 988 478 604
E-mail : concello.ramiras@eidolocal.es

Picouto, s/n - 32810 - Ramirás - Ourense

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 25 DE XANEIRO DO 2018

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Ramirás (Ourense) cando son as doce horas e cinco minutos (12:05') do día vinte e cinco de xaneiro de dous mil dezaioito, reúnese a Corporación Municipal para os efectos de celebrar Sesión Plenaria ordinaria en primeira convocatoria.

ASISTENTES.

Asisten ó acto, baixo a Presidencia de **Don Juan Carlos Rodríguez Matías**, Alcalde do Concello, os Sres concelleiros membros da Corporación seguintes:

- **Sr. Alcalde:** D. Juan Carlos Rodríguez Matías
- **Sres. Concelleiros:**
 - Dna. Isabel Gil Álvarez
 - Dna. Carmen Álvarez López
 - D. Manuel Álvarez Conde
 - D. Marcos Meléndez Alonso
 - Dna. M^a José Ledo García
 - Dna. Blanca Margarita Tabuyo Bello
 - Dna. Manuela Méndez Mouriño
 - D. Antonio Pérez Vázquez



Asistidos pola Secretaria-Interventora Dna. M^a Begoña Quintas Fernández.

ORDE DO DÍA.

A Presidencia logo de comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR

O Sr. Alcalde pregunta ós membros do Pleno se teñen algo que obxectar ao borrador da Acta da sesión celebrada na data 30/11/2017, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

Non hai intervencións, someten o asunto á votación, e o Pleno da Corporación, por unanimidade, aproba a Acta de sesión anterior.

2º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Explica o Sr. Alcalde que os motivos desta proposta son que a Xunta de Galicia pretende declarar "Concellos Emprendedores" e para iso esixe unha bonificación no IBI e en contraprestación oferta puntuación en proxectos subvencionables polas Consellerías de Traballo, Economía e Industria, etc. A finalidade é que as empresas galegas sexan máis competitivas e que non se trasladen ao Norte de Portugal.

Continua a dicir que para ser "Concello emprendedor" hai que establecer unha bonificación durante 3 anos no IBI por fomento do emprego e que a súa proposta é bonificar segundo os postos de traballo creados:

-Bonificación de ata o 95% por creación de máis de 20 postos de traballo.

-Bonificación de ata o 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.

-Bonificación de ata o 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

Intervén a Sr. Concelleira Dna. Isabel e di que a ela e ao seu grupo parécelle que o Sr. Feijóo quere quedar ven e non gastar nada, que invita sen gastar nada. Que esta medida de deixar de cobrar o IBI para empresas de nova implantación con creación de postos de traballo e que segundo os postos creados terán unha bonificación no IBI do 95%, do 75% ou do 50% é para que a Xunta de Galicia, en concorrencia competitiva con outros concellos, outorgue ao Concello de Ramirás unha puntuación de 20 sobre 100 para subvencións (20% do total).

Pero isto supón deixar de recadar xa unha parte do imposto (IBI) e que non se vai poder utilizar en beneficio dos veciños e sen ningunha garantía por parte da Xunta de Galicia de conseguir a subvención neses proxectos. Que si outorga o 20% en subvencións en concorrencia competitiva pero queda outro 80% para outros criterios, polo que non se asegura a percepción da subvención e se perde parte do IBI.

Engade a Sr. Concelleira que non cree que veña a implantarse a Ramirás unha empresa con importante número de postos de traballo, que isto é para concellos grandes, e que, aínda nese caso, cabe a posibilidade de que o emprego xerado non fose para os veciños de Ramirás, porque as empresas grandes xa ten os seus traballadores e, polo tanto, non están dacordo en reducir as arcas do Concello sen garantías de nada, solo o 20% de puntuación sobre o total 100% no caso de determinadas subvencións.

Que non lle ve o interese, que os beneficios podían ser de outro tipo, como ofertas de terreos, bonificacións de IBI ás empresas do Concello, etc.

Que isto solo pode beneficiar aos grandes concellos e que o Sr. Feijoo, ao entender do grupo socialista, xunto coa proposición da bonificación do IBI, debería garantir a obtención da subvención nos proxectos do Concello para compensar a perda de recursos e por todo o exposto que se van a opoñer a esta modificación da Ordenanza fiscal do IBI.

Toma a palabra o Sr. Concelleiro D. Marcos e manifesta que esta dacordo co exposto pola portavoz do PSdeGalicia-PSOE, en boa parte, que isto é un lavado de cara do Sr. Feijoo, que esta medida funcionará en grandes concellos ou con polígonos industriais.

Comenta o Sr. Concelleiro que a puntuación ofertada non é xusto como indicou a portavoz do PSdeGalicia-PSOE porque os beneficios das axudas tamén serían para as empresas privadas unha vez que declaren "Concello Emprendedor".

Que as vantaxes serían as subvencións a empresas privadas ou a creación de emprego por parte dalgunha empresa, contando con que a creación de 20 postos de traballo é pouco probable que se vai dar. Pero que, por outra banda, di o Sr. Concelleiro, que tampouco se poden pechar e non facilitar a

implantación de empresas, a pesar da escasa probabilidade, de que isto suceda, porque sempre crearía traballos para os veciños e sería un punto de dinamización dos negocios do entorno.

Que as medidas propostas pola Xunta de Galicia ten moitas lagoas, que ten a súa parte boa, pero que a dinamización do medio rural require doutras iniciativas de maior apoio, principalmente, ás empresas actuais. Non obstante, di o Sr. Concelleiro, que non se van pechar a posibles subvencións, a pesar de ter partes positivas e partes negativas, porque non poden perder competitividade con outros concellos o tocante a subvencións. E por todo isto, o sentido do voto vai ser a abstención.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e di que poden rebaixar os tramos e esixir menos postos de traballo para as bonificacións, que o Pleno pode acordar as bonificacións con menor creación de emprego.

Indica o Sr. Alcalde que esta bonificación non é solo para empresas novas que é tamén para as empresas que están traballando actualmente, sempre que creen o emprego.

Continua o Sr. Alcalde a dicir que ese 20% que outorga a Xunta de Galicia en subvencións a favor dos "Concellos Emprendedores" é importante para acadar puntuación suficiente en axudas para Obradoiros de emprego e subvencións para Aprod-rural e outras, que de non ser emprendedores o concello quedará fora, porque xa se conta cun 20% menos que os outros concellos.

Intervén a Sr. Concelleira Dna. Isabel a di que a norma esta asinada e que está como está. Que non están a falar de Obradoiros, nin de Aprod, nin de empregabilidade, que están a falar de subvencións destinadas a investimentos de gasto no eido industrial e de emprendemento, non de outras subvencións da Deputación ou da Xunta de Galicia.

E que o Concello non parte cun 20% menos en puntuación nas subvencións, sinon que ten un 20% sobre unha puntuación do 100% en subvencións do eido industrial e do emprendemento. E que non lle afecta as subvencións con destino aos Obradoiros, Aprod, BenOurense, Empregabilidade, etc, que isto vai seguir igual, porque solo lle afecta ao eido industrial e de emprendemento industrial.

Intervén o Sr. Alcalde e di que quede ben claro que todas as subvencións que solicite o Concello de Ramirás ante as Consellerías de Industria, Emprego e Economía parten cun 20% menos de puntuación que os "Concellos Emprendedores".

Toma a palabra a Sr. Concelleira Dna. Isabel e di que iso non é así que solo afecta ao eido industrial.

Intervén o Sr. Concelleiro D. Marcos e di que se aclaren os efectos de esta proposta, que é preciso saber se vai afectar as axudas para os Obradoiros e outras axudas de persoal.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e di que así está na normativa e no Protocolo asinado coa Fegamp e que os concellos que non sexan declarados "Emprendedores" terán un 20% de puntuación menos nas axudas das consellerías indicadas.

Toma a palabra a Sr. Concelleira Dna. Isabel e dille ao Sr. Alcalde que non minta que o acordo é o que está asinado no Protocolo de actuación entre a Xunta de Galicia e a Fegamp que é iso e non é outra cousa e que non permite variar as porcentaxes e que o poden ler para que quede claro o contido.

Conclúen as intervencións, sométese o asunto á votación polo Pleno da Corporación e prodúcese o seguinte resultado: catro (4) votos a favor dos representantes do PP, catro (4) votos en contra dos representantes do PSdeGalicia-PSOE e unha (1) abstención do representante do BNG.

Xerouse un empate, polo que, en cumprimento do art. 46.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, no caso de votacións con resultado de empate, efectuarase unha nova votación, e se persistira o empate, decidirá o voto de calidade do Presidente.

Procédese a segunda votación polo Pleno e prodúcese o seguinte resultado: catro (4) votos a favor dos representantes do PP, catro (4) votos en contra dos representantes do PSdeGalicia-PSOE e unha (1) abstención do representante do BNG e o empate queda dirimido polo voto de calidade do Alcalde-Presidente e queda aprobado o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente, segundo dispón o artigo 17.1 do RD-lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a modificación do artigo 12 da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles, coa seguinte redacción:

Artigo 12. Bonificacións

1.-.....

2.-

3.-

4.- *Terán dereito a unha bonificación sobre a cota íntegra do imposto os inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Considérase que existen circunstancias de especial interese e utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego cando se implante unha nova actividade económica ou empresarial, ou se amplíen as instalacións, sempre e cando implique a creación de emprego.*

A bonificación aplicarase segundo os seguintes tramos:

- *95% pola creación de máis de 20 postos de traballo*
- *75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo*
- *50% pola creación de ata 10 postos de traballo*

Coa solicitude de declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego achegarase a seguinte documentación:

- *Memoria xustificativa da implantación da nova actividade económica ou empresarial, ou da ampliación das instalacións*
- *Contratos de traballo asinados*
- *Partes de alta na Seguridade Social xunto co informe de datos de cotización (IDC)*
- *Nóminas e xustificantes bancarios do seu pagamento*
- *Relacións nominais de traballadores (RNT), recibos de liquidación de cotizacións (RLC) e xustificantes bancarios do seu pagamento*

A bonificación, que producirá efectos a partir do exercicio seguinte a aquel no que se solicite, terá unha vixencia de 3 exercicios, aínda que será obxecto de revisión anual polo Concello aos efectos de comprobar que se seguen mantendo as condicións tidas en conta para a súa concesión, para o que se requirirá a mesma documentación que a achegada coa solicitude'.

SEGUNDO.- Someter o expediente ao trámite de información pública e audiencia aos interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, no taboleiro da sede electrónica e no Boletín oficial da provincia de Ourense, por un prazo de 30 días hábiles, como mínimo, para que poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, que de producirse deberán ser resoltas pola Corporación.

TERCEIRO.- No suposto de que non se presenten reclamacións ou suxestións, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do RD-lexislativo 2/2004.



CUARTO.- O acordo definitivo, ou o provisional elevado automaticamente a definitivo, e o texto íntegro da modificación da ordenanza fiscal publicarase no Boletín oficial da provincia de Ourense, entrando en vigor o día seguinte da súa publicación.

3º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Informa o Sr. Alcalde que as razóns desta proposta de modificación do Imposto de Actividades Económicas son as mesmas que as do punto anterior para acadar a declaración de "Concello Emprendedor" por parte da Xunta de Galicia, e pregunta se ten algo que dicir ao respecto.

Toma a palabra a Sr. Concelleira Dna. Isabel e pregunta canto é a recadación do IAE no Concello de Ramirás por exercicio.

Contesta o Sr. Alcalde que entorno a 8.000,00 € e a Sr. Concelleira Dna. Isabel solicita certificación da recadación do IAE do exercicio 2016, por estar sen recadar os importes do exercicio 2017.

Conclúen as intervencións, sométese o asunto á votación polo Pleno da Corporación e prodúcese o seguinte resultado: catro (4) votos a favor dos representantes do PP, catro (4) votos en contra dos representantes do PSdeGalicia-PSOE e unha (1) abstención do representante do BNG.

Xerouse un empate, polo que, en cumprimento do art. 46.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, no caso de votacións con resultado de empate, efectuarase unha nova votación, e se persistira o empate, decidirá o voto de calidade do Presidente.

Procédese a segunda votación polo Pleno e prodúcese o seguinte resultado: catro (4) votos a favor dos representantes do PP, catro (4) votos en contra dos representantes do PSdeGalicia-PSOE e unha (1) abstención do representante do BNG e o empate queda dirimido polo voto de calidade do Alcalde-Presidente e queda aprobado o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente, segundo dispón o artigo 17.1 do RD-lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a modificación (ampliación do artigo 9) da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre actividades económicas, coa seguinte redacción:

ARTIGO 9. BONIFICACIÓNS.

1.....

2.....

3. *Terán dereito a unha bonificación sobre a cota correspondente os suxeitos pasivos que tributen pola cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Considérase que existen circunstancias de especial interese e utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego cando se implante unha nova actividade económica ou empresarial, ou se amplien as instalacións, sempre e cando implique a creación de emprego.*

A bonificación aplicarase segundo os seguintes tramos:

- *95% pola creación de máis de 20 postos de traballo*
- *75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo*
- *50% pola creación de ata 10 postos de traballo*

Coa solicitude de declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego achegarase a seguinte documentación:

- *Memoria xustificativa da implantación da nova actividade económica ou empresarial, ou da ampliación das instalacións*
- *Contratos de traballo asinados*
- *Partes de alta na Seguridade Social xunto co informe de datos de cotización (IDC)*
- *Nóminas e xustificantes bancarios do seu pagamento*
- *Relacións nominais de traballadores (RNT), recibos de liquidación de cotizacións (RLC) e xustificantes bancarios do seu pagamento*

Esta bonificación, que producirá efectos a partir do exercicio seguinte a aquel no que se solicite, terá unha vixencia de 3 exercicios, aínda que será obxecto de revisión anual polo Concello aos efectos de comprobar que se seguen mantendo as condicións tidas en conta para a súa concesión, para o que se requirirá a mesma documentación que a achegada coa solicitude'.

SEGUNDO.- Someter o expediente ao trámite de información pública e audiencia aos interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, no taboleiro da sede electrónica e no Boletín oficial da provincia de Ourense, por un prazo de 30 días hábiles, como mínimo, para que poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, que de producirse deberán ser resoltas pola Corporación.

TERCEIRO.- No suposto de que non se presenten reclamacións ou suxestións, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do RD-lexislativo 2/2004.

CUARTO.- O acordo definitivo, ou o provisional elevado automaticamente a definitivo, e o texto íntegro da modificación da ordenanza fiscal publicarase no Boletín oficial da provincia de Ourense, entrando en vigor o día seguinte da súa publicación.

4º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS

Explica o Sr. Alcalde que as razóns desta proposta de modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, son as mesmas que as dos anteriores puntos de modificación do IBI e da modificación do IAE para ser declarado "Concello Emprendedor".

Non se producen intervencións e sométese o asunto á votación polo Pleno da Corporación e prodúcese o seguinte resultado: catro (4) votos a favor dos representantes do PP, catro (4) votos en contra dos representantes do PSdeGalicia-PSOE e unha (1) abstención do representante do BNG. Xerouse un empate, polo que, en cumprimento do art. 46.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, no caso de votacións con resultado de empate, efectuarase unha nova votación, e se persistira o empate, decidirá o voto de calidade do Presidente.

Procédese a segunda votación polo Pleno e prodúcese o seguinte resultado: catro (4) votos a favor dos representantes do PP, catro (4) votos en contra dos representantes do PSdeGalicia-PSOE e unha (1) abstención do representante do BNG e o empate queda dirimido polo voto de calidade do Alcalde-Presidente e queda aprobado o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente, segundo dispón o artigo 17.1 do RD-lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a modificación do artigo 8 da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, coa seguinte redacción:

'ARTIGO 8.- BONIFICACIÓNS

1.

a)

b)

c) Establécese ademais unha bonificación do 30% a favor doutras construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais ou histórico-artísticas que xustifiquen tal declaración. A concesión da mesma requirirá informe ou memoria motivadora do especial interese ou utilidade municipal.

d) Terán dereito a unha bonificación sobre a cota correspondente as construcións, instalacións e obras nas que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Considérase que existen circunstancias de especial interese e utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego cando se implante unha nova actividade económica ou empresarial, ou se amplíen as instalacións, sempre e cando implique a creación de emprego.

A bonificación aplicarase segundo os seguintes tramos:

- *95% pola creación de máis de 20 postos de traballo*
- *75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo*
- *50% pola creación de ata 10 postos de traballo*

Coa solicitude de declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego achegarase a seguinte documentación:

- *Memoria xustificativa da implantación da nova actividade económica ou empresarial, ou da ampliación das instalacións*
- *Contratos de traballo asinados*
- *Partes de alta na Seguridade Social xunto co informe de datos de cotización (IDC)*
- *Nóminas e xustificantes bancarios do seu pagamento*
- *Relacións nominais de traballadores (RNT), recibos de liquidación de cotizacións (RLC) e xustificantes bancarios do seu pagamento*

Esta bonificación obriga a que se manteña o emprego creado, cando menos, durante 3 anos, circunstancia que será obxecto de comprobación anual polo Concello, para o que se requirirá a mesma documentación que a achegada coa solicitude. O non cumprimento deste requisito dará lugar ao inicio do correspondente expediente de reintegro.

SEGUNDO.- Someter o expediente ao trámite de información pública e audiencia aos interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, no taboleiro da sede electrónica e no Boletín oficial da provincia de Ourense, por un prazo de 30 días hábiles, como mínimo, para que poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, que de producirse deberán ser resoltas pola Corporación.

TERCEIRO.- No suposto de que non se presenten reclamacións ou suxestións, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do RD-lexislativo 2/2004.



CUARTO.- O acordo definitivo, ou o provisional elevado automaticamente a definitivo, e o texto integro da modificación da ordenanza fiscal publicarase no Boletín oficial da provincia de Ourense, entrando en vigor o día seguinte da súa publicación.

5º.- SERVIZO DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA MUNICIPAL

Inicia a exposición do punto do Sr. Alcalde e di que todos coñecen a situación da auga nos meses anteriores e que todos saben que acordaron no Pleno de 16/08/2017 non cobrar as taxas do servizo nos últimos seis meses, e que o acordo plenario era non cobrar mentres a auga incumprira o parámetro-arsénico e que non se cobrou, ata este momento, o segundo semestre do exercicio 2017.

Que deben tomar acordos para transmitir á Deputación Provincial de Ourense ao respecto de que non se produciu o feito impoñible da Ordenanza reguladora da taxa do servizo da auga por non ter as condicións que esixe a normativa.

Di o Sr. Alcalde que a Deputación Provincial solicita un acordo que xustifique a non aplicación da ordenanza e para iso hai que declarar que non se produciu o feito impoñible.

Intervén a Sr. Concelleira Dna. Isabel e di que se tomaron acordos, por unanimidade, tal e como aparecen na Certificación da Sr. Secretaria e na Providencia da Alcaldía no Pleno celebrado na data 16/08/2017, co seguinte contido:

1. *A adopción de medidas urxentes que garantan o subministro de auga potable a todos os veciños e veciñas afectados/as pola presenza do arsénico na auga da traída mediante a distribución de auga en calquera modalidade que se adecúe ao noso caso; solicitando axuda, se fose preciso, da Deputación Provincial ou das administracións competentes para asegurar o abastecemento inmediato.*
2. *Esixir da Deputación de Ourense a supresión inmediata da emisión de facturas polo consumo de auga aos afectados polo arsénico mentres non se solventa o problema da toxicidade da auga en Ramirás.*
3. *Que este Concello adopte medidas urxentes de análise e revisión dos sistemas de captación, depuración e canalización da auga da traída en Ramirás, asegurando a actualización destes sistemas e adoptando medidas de filtrado para minimizar a presenza de arsénico na auga de consumo veciñal."*

Continua a dicir a Sr. Concelleira que no Pleno de agosto xa se tomaron os acordos en relación con non cobrar a auga e que a proposta que presenta o Sr. Alcalde é a seguinte:

PRIMEIRO.- *Declarar non realizado o feito impoñible da Ordenanza fiscal reguladora da taxa do servizo municipal de abastecemento de auga no relativo á parte de consumo da cota tributaria durante o segundo semestre do exercicio 2017.*

SEGUNDO.- *Liquidar e recadar o canon da Xunta de Galicia polos consumos realizados e presentar a autoliquidación no organismo autonómico.*

TERCEIRO.- *Comunicar á Deputación Provincial aos efectos oportunos, no tocante á delegación da recadación das taxas do servizo.*

Di a Sr. Concelleira que están dacordo en liquidar o canon da Xunta de Galicia pero non en recadalo, que o canon non o van a pagar os veciños, que o vai pagar o Concello, polo que propón retirar os termos "e recadar" no segundo apartado, que o canon da auga ten que pagalo este Concello.

Intervén o Sr. Alcalde e di que están todos dacordo no que aprobaron no Pleno de agosto e que o seu grupo está a favor de non recadar o canon da Xunta de Galicia. E que en relación co apartado "Esixir da

Deputación de Ourense a supresión inmediata da emisión de facturas" que á Deputación non se lle esixe nada, que o que manda e a ordenanza fiscal do Concello reguladora do servizo.

Continua o Sr. Alcalde a dicir que, non obstante, esta sen cobrar a taxa do saneamento e que en relación a esta, si procede, emitir os recibos polo servizo de alcantarillado do segundo semestre do exercicio 2017, que esta taxa forma parte do recibo da auga, pero que é un servizo distinto da auga.

Que a proposta do grupo de goberno é emitir os recibos pola parte do saneamento e non cobrar mais nada, que nisto están todos dacordo e que hai que enviarlle o acordo á Deputación Provincial por estar delegada a recadación da taxa dos servizos da auga.

Toma a palabra a Sr. Concelleira Dna. Isabel e di se remite ao indicado sobre a proposta de acordo ao Pleno da Corporación que figura na documentación, e respecto ao cal, que xa sostivo que ten que retirar os termos "e recadar" no segundo apartado e que estan dacordo en non cobrar nin a taxa nin o canon e que corrixido isto van votar a favor. Engade a Sr. Concelleira que en relación coa Deputación Provincial xa indica, no comunicado do organismo provincial ao Concello de Ramirás, con rexistro de saída de data 27/12/2017, a documentación que precisan, e que a petición do organismo provincial é que lle dea orde de recadar ou non.

Informa a Sr. Concelleira que á Deputación Provincial tamén lle hai que pagar o importe ou porcentaxe correspondente por a xestión da recadación.

Intervén o Sr. Alcalde e pregúntalle á Sr. Secretaria se o Concello de Ramirás pode liquidar e aboar o canon e que non paguen os veciños, e esta contesta que os obrigados tributarios do canon son os usuarios do servizo, os veciños.

Toma a palabra a Sr. Concelleira Dna. Isabel e di que ao non prestarse o servizo os usuarios non ten que aboar o canon da auga da Xunta de Galicia e que o pague o Concello por irresponsabilidade.

A Secretaria informa do que establece o Regulamento do canon da auga e di que se remite ao seu informe de data 22/08/2017 que está na documentación do expediente.

Intervén o Sr. Alcalde e di que hai unha contradición que por unha banda din que non se produciu o feito imponible por non haber prestación do servizo de distribución de auga e por outra banda din que hai que liquidar e ingresar o canon a favor de Augas de Galicia por os consumos.

Intervén a Sr. Concelleira Dna. Isabel e di que non hai contradición, que tamén no caso de non haber consumo e pagar solamente polo mínimo, non hai aboamento do canon da auga, e neste caso, como os veciños non consumiron a auga e aínda que a consumiran ante o problema de contaminación por arsénico isto é equivalente a non consumo, polo tanto aplicar os acordos tomados e non cobrar nin taxa nin canon.

Toma a palabra o Sr. Concelleiro D. Marcos e di que haberá que buscar algunha fórmula legal para o aboamento do canon por parte do Concello.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e di que se buscará algunha vía legal para o aboamento do canon por parte do Concello e que se é preciso tomar novos acordos, xa convocara nova sesión plenaria.

Toma a palabra a Sr. Concelleira Dna. Isabel e que o vocabro "recadar" hai que retiralo.

Están todos dacordo en que non se recade dos usuarios, nin taxa do Concello de Ramirás por non producirse o feito imponible, nin canon da Xunta de Galicia e que este sexa autoliquidado e pagado polo Concello de Ramirás.

Conclúen as intervencións e os presentes na sesión plenaria, á vista da documentación completa que consta no expediente e dos informes xurídicos de data 22/08/17 sobre o canon e sobre a taxa do servizo de distribución de auga, por unanimidade, acordan:

PRIMEIRO.- Declarar non realizado o feito imponible da Ordenanza fiscal reguladora da taxa do servizo municipal de abastecemento de auga durante o segundo semestre do exercicio 2017.

SEGUNDO.- Liquidar o canon da Xunta de Galicia polos consumos realizados e presentar a autoliquidación no organismo autonómico.

TERCEIRO.- Comunicar á Deputación Provincial aos efectos oportunos, no tocante á delegación da recadación das taxas do servizo.

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2018

Presentase o Orzamento do exercicio 2018 coa seguinte documentación:

- Memoria de alcaldía.
- Estado de Gastos.
- Estado de Ingresos.
- Bases de execución do orzamento.
- Anexo de investimentos.
- Anexo de persoal
- Situación da débeda.
- Informes xurídico e económico.

Inicia a exposición do punto o Sr. Alcalde e di que presenta o Orzamento do exercicio 2018 e manifesta que convidou aos outros dous grupos políticos a que presentaran as súas propostas, que tratou de recoller as peticións realizadas e que presenta o Orzamento para a súa aprobación.

Intervén a Sr. Concelleira Dña. Isabel e dirixese ao Sr. Alcalde para dicirlle que el informou que recollera as propostas do grupo socialista e esta (Sr. Concelleira) di que non ve ningunha das propostas que presentou por escrito e que vai proceder a súa lectura, que se transcribe deseguido, literalmente:

"A primeira proposta é a habilitación da antiga escola de Freas como Centro de día, algo imprescindible para Ramirás pola súa estrutura poboacional. Dende a nosa previsión á posta en marcha deste centro de atención aos maiores suporía un gasto para empezar de 100.000,00 € a ter en conta nas partidas orzamentarias. Esta previsión esta baseada na utilización dun edificio do que pode dispoñer o Concello de Ramirás para darlle mais usos que os culturais. Por isto solicítase unha adxudicación de unha partida de gasto suficiente nos orzamentos municipais que contemple a posta en marcha deste proxecto.

A segunda proposta é a adxudicación dunha partida suficiente nos vindeiros orzamentos municipais que contemple todas as posibles solucións para por fin ao problema da toxicidade na auga da traída de varios núcleos de poboación de Ramirás pola presenza de arsénico. Entre estas medidas solicitamos que se inclúa a dotación económica precisa para acometer:

- a) A búsqueda dunha nova captación río arriba que asegure a non presenza de arsénico na auga de consumo da veciñanza.*
- b) A limpeza da balsa-tanque a ceo aberto que comparte a cámara de carga da mini-central coa canle da saída da auga que abastece ó noso concello.*
- c) O arranxo e posta en marcha das traídas veciñais para asegurar o abastecemento da zona afectada xa que axudan a paliar os efectos da prohibición do uso da auga cando esta volva acadar niveis de alta toxicidade pola presenza de arsénico*

E a terceira proposta a adxudicación dunha partida suficiente que asegure a posta en marcha dunha escola de música onde os membros da Banda de Música de Ramirás poidan recibir e impartir ensino de índole musical."

Engade a Sr. Concelleira Dna. Isabel que esta terceira proposta a puxeron porque tiveron unha xuntanza os portavoces dos grupos políticos cos directivos da Banda de Música de Ramirás e acadaron o compromiso de por unha dotación orzamentaria tan cual a pediron nesta proposta, e polo mesmo, por coherencia e pola palabra dada, di que puxeron ese terceiro apartado e di que ningunha destas propostas esta recollida nos Orzamento que presenta o Sr. Alcalde, polo tanto, que non van votar a favor. Toma a palabra o Sr. Alcalde e di que se comprometeron a poñer en marcha unha Escola de Música e a dobrarlle a asignación. Non obstante, di o Sr. Alcalde que a Escola de Música non é competencia do Concello que é competencia da Xunta de Galicia e polas investigacións realizadas, agora mesmo, non están dando autorizacións para escolas, mais ben as están quitando.

En relación coa partida da auga, di o Sr. Alcalde que hai unha cantidade recollida no Orzamento con destino á auga e que cree que é bastante boa e que en relación coa proposta da busca dunha captación río arriba, que xa estiveron traballando todos estes meses e que xa saben que no río Tuño que pasa por Milmanda, non poden captar auga, porque trae elevados valores de arsénico. Non obstante, os regatos que veñen de o Carballo e Santa Eufemia, que si valen para a utilización da auga e que chega o caudal de eses dous regatos e que, están a investigar si ten regantes con concesión de aproveitamentos de auga. Polo que, o seguinte paso sería solicitar permisos a Confederación Hidrográfica e solicitar autorización para o paso dunha tubaxe de conducción e engade o Sr. Alcalde que si van partidas no Orzamento para este punto.

Que en relación coa Escola de Freás hai no Orzamento 30.000,00 € para un Obradoiro e que está a realizar os traballos nesa construción, que é a construción da que esta a falar a Sr. Concelleira Dna. Isabel para o "Centro de Día". Di o Sr. Alcalde que elaboraron un proxecto solo para arranxar o teito da escola e que ascende a 202.000,00 € e que a Sr. Concelleira pretende por en marcha un Centro de día con 100.000,00 € en esa mesma construción.

Di a Sr. Concelleira que o teito da escola está arranxado porque foi unha obra do "Plan E" e que por agora valería e contesta o Sr. Alcalde que o teito non serve, tal cual está, e que tampouco o van autorizar a actividade de Centro de día co estado que presenta.

Di a Sr. Concelleira que tampouco fai falta toda a construción que, de momento, era suficiente un local. Intervén o Sr. Concelleiro D. Marcos e pregunta en relación co asunto da "Banda de Música" se faláron cos membros da Banda, porque di que si quedarán na posta en marcha da Escola da Musica e que si sabe que esta complicado, pero que a Banda xa ten un profesor e que están coas clases e que os membros da Banda de Música o que queren é o dobre de asignación que no ano anterior.

O Sr. Alcalde di que o profesor de música ten que presentar as facturas como presentan os profesores de gaita e que a paga o Concello e que verán se poden acceder al algunha subvención para estas actividades e que no Orzamento ten unha asignación de 6.000,00 €.

Continúa coa súa intervención o Sr. Concelleiro D. Marcos e di que segue coas súas propostas do Orzamento 2018, que para o Orzamento do exercicio 2018 presentaron varias propostas (cinco) e que por escrito ante o Concello de Ramirás, en concreto, presentou dúas iniciativas, que unha xa ia no programa electoral das eleccións municipais 2015, e que a outra é consecuencia de ser membro do Consello Escolar, que é o relativo a actividades lúdico-infantís, que así está explicado no escrito presentado. E que a segunda proposta fai referencia ao transporte intermunicipal, que xa está un pouco explicado no escrito, e que habería que adquirir unha furgoneta de 7 ou 9 prazas, estudar e programar horarios e necesidades, que debido ao desmantelamento das liñas regulares de transporte a xente maior esta abandonada. E que tendo en conta que os servizos básicos están en Vilavidal, bancos, farmacia, médico, etc. que habería que estudar e programar o servizo, que ao principio custaría mais ir cadrando, pero que, no prazo dun mes xa se iría adaptando ás demandas dos usuarios.

Indica o Sr. Concelleiro que no seu programa electoral xa figuraban todas estas propostas e que xa tiñan pensado presentalas no mes de novembro, porque o Orzamento 2018 xa tiña que estar aprobado.

Que volvendo ao asunto do transporte municipal, que neste Nadal, cando non houbo servizo de transporte escolar, viuse que o transporte baixo demanda non solucionou nada. Moitos veciños que pretenderon este servizo, non llelo prestaron, de ahí a proposta do transporte municipal.

Engade o Sr. Concelleiro que queda no aire unha vivenda comunitaria que si sería interesante dotar unha partida inicial, que xa así o falaran o ano anterior en relación co "Centro de Día" en función das dispoñibilidades orzamentarias.

Segue o Sr. Concelleiro D. Marcos coa súa intervención e di que lle queda pendente unha demanda veciñal de un Centro Social no lugar de O Viso e que lle consta, por conversas cos veciños, que están en negociacións para adquirir unha construción que se adapte e que é un asunto a seguir estudando ao longo do ano. Di que, como sempre, sabe que é moi difícil, que agora mesmo se poida dar cobertura presupuestaria a todo, que logo xa se verá se poden utilizar o remanente de tesourería para destinar ao emprendemento das propostas presentadas.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e di que o mal funcionamento do transporte baixo demanda, que o sufriu directamente, e que moi mal, que se estivo interesando polo funcionamento do servizo e que non solucionaron nada. E que tanto o arranxo da escola vella como o centro social do Viso, que nunha visita de cargos da Xunta ao lugar do Viso nesta semana, que xa aproveitou e lle trasladou, aos representantes, as necesidades e que prometeron ir vendo ao longo do ano.

Toma a palabra a Sr. Concelleira Dña. Isabel e di que en relación á Banda de Música para a que acordaron 6.000 euros, na reunión que estaba toda a Corporación representada, eran para dobrarlle a partida orzamentaria porque a Banda de música ia dobrar as actuacións, polo tanto era pagarlle as actuacións e iso non ten nada que ver coas clases de música nin coa escola de música. Logo dille ao Sr. Alcalde, que outros concellos si teñen escola de música e que non vai entrar en se necesita autorización da Xunta de Galicia ou non, pero o que si indica, e que para as clases de música no Orzamento do 2018 non hai consignación. Que outra cousa é o que teña pensado facer o Sr. Alcalde, pero que nas previsións orzamentarias do Orzamento 2018 non hai nada para esa finalidade.

Continua a Sr. Concelleira comentando a súa proposta respecto do asunto da auga e o problema do arsénico e di que o Sr. Alcalde confirmou que si había unha partida para isto, e que todo este tempo xa estivera buscando alternativas e posibles solucións, pero que se ten que dar conta de que levan seis meses con este problema e que agora esta solucionado por mor das choivas e cando deixe de chover volverá o arsénico. Logo, recoñecendo que poden ser complicadas as solucións e supor gasto e tempo, pero que no prazo dun ano debería estar o asunto resolto e proponlle ao Sr. Alcalde a mellora das traídas veciñais.

E respecto da limpeza do tanque a ceo aberto que se comparte coa cámara de carga da minicentral hai que ver se lle corresponde ao Concello ou se debe facer a limpeza a minicentral, e quen o teña que facer, que o faga. Que despois de 15 anos sen limpar, todos os lodos e metais están de poso, e unha vez limpa esa zona a concentración de arsénico na auga vai ser menor e pode solventar o problema nunha parte da época estival e para cando non sexa suficiente esta opción queda a outra proposta de mellorar as augas veciñais porque seguro que esta mellora supón pouco diñeiro. Que todas estas actuacións, creen que supón moito gasto, que por outra banda, van aforralo no subministro de auga.

Dille ao Sr. Alcalde, que este manifestou que esta consignada no orzamento unha partida con destino a auga, que si, que a Sr. Concelleira ve que para servizo de saneamento e auga hai 10.835,00 € e que esta cantidade non chega a nada, para cando teñan que pagar a subministración da auga e os cánones e o comprometido coa Deputación pola delegación da recadación das taxas.

Que respecto da outra proposta da escola, que si, que o Obradorio esta a facer cousas na escola. Pero, no caso de instalar o Centro de Día, serian polo menos tres postos de traballo, ou sete ou oito. Que non discute que sexa complicada a posta en marcha deste servizo, pero que para iso están, e todo para dar solucións aos veciños/as e tamén polo fomento da empregabilidade.

E logo, vendo que non están contempladas as propostas do grupo socialista, e que si están as do grupo do BNG, e anque non lle parece mal, o voto do grupo socialista vai ser en contra.

Concluídas as intervencións someten o asunto á votación e o Pleno da Corporación por cinco (5) votos a favor (PP e BNG) e catro (4) votos en contra (PSdeGalicia-PSOE) acorda:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento xeral do Concello de Ramirás, para o exercicio económico 2018, xunto coas súas bases de execución, anexo de persoal e demais documentación que conforma o expediente e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE INGRESOS	
A.1. OPERACIÓNS CORRENTES	
CAPÍTULO 1: Impostos directos	200.365,90 €
CAPÍTULO 2: Impostos indirectos	4.000,00 €
CAPÍTULO 3: Taxas, prezos públicos e outros ingresos	153.796,94 €
CAPÍTULO 4: Transferencias correntes	563.117,60 €
CAPÍTULO 5: Ingresos patrimoniais	9.700,00 €
A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL	
CAPÍTULO 6: Alleamento de investimentos reais	16.000,00 €
CAPÍTULO 7: Transferencias de capital	18.137,00 €
CAPÍTULO 8: Activos financeiros	0,00 €
CAPÍTULO 9: Pasivos financeiros	0,00 €
TOTAL:	965.117,44 €
ESTADO DE GASTOS	
A.1. OPERACIÓNS CORRENTES	
CAPÍTULO 1: Gastos de persoal	278.527,72 €
CAPÍTULO 2: Gastos correntes en bens e servizos	375.087,09 €
CAPÍTULO 3: Gastos financeiros	500,00 €
CAPÍTULO 4: Transferencias correntes	186.900,00 €
A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL	
CAPÍTULO 6: Investimentos reais	94.102,63 €
CAPÍTULO 7: Transferencias de capital	30.000,00 €
CAPÍTULO 8: Activos financeiros	0,00 €
CAPÍTULO 9: Pasivos financeiros	0,00 €
TOTAL:	965.117,44 €

SEGUNDO. Segundo o disposto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo R. D. Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, e disposicións concordantes, que se expoña ó público a aprobación inicial do orzamento para o exercicio 2018, o plantel de persoal e a relación de postos de traballo por un prazo de 15 días hábiles mediante anuncios no *Boletín Oficial da*

Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de alegacións e reclamacións. As modificacións realizadas no orzamento prorrogado enténdense feitas sobre o orzamento do exercicio 2018.

TERCEIRO. De non se presentaren reclamacións contra el, considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos no BOP e no Taboleiro de anuncios de Concello, publicar o plantel de persoal e a relación de postos de traballo, así como as retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicacións destes últimos, indemnizacións e asistencias, segundo o dispón os artigos 127 do RD Lexislativo 781/86, do 18 de abril e o artigo 75 da Lei 7/85, de 2 de abril.

Se se presentan reclamacións o Pleno resolverá no prazo dun mes.

CUARTO. Unha vez aprobado definitivamente remitir copia á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma.

7º.- DAR CONTA DOS DECRETOS

- En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta dos Decretos ditados dende a última sesión do Pleno da Corporación.

A Sr. Concelleira Dna. Isabel solicita poder manifestar unha reflexión en relación con "Dar conta dos Decretos".

E pide que se lle faciliten os Decretos, cando non se convoca a sesión do Pleno coa periodicidade establecida, e indica que na outra vez (pleno outubro) non se facilitaron, anque os pediron por escrito, e esta vez consultado por teléfono con secretaria, si se puxeron a disposición, pero que, por outras circunstancias, non veu a recollelos. Polo mesmo, quere que cando non se convocan os Plenos coa periodicidade establecida, que se lle faciliten os Decretos.

Contesta o Sr. Alcalde e di que se faga así, e tamén lle di a Sr. Concelleira que eses Decretos aos que se refire e afirma que non se lle facilitaron, están enriba da súa mesa a espera de que se recollan.

A Sr. Concelleira di que ante unha solicitude presentada por escrito, o que debe facer é contestarlle por escrito ou chamala por teléfono.

8º.- PREGUNTAS

FACTURAS-DECRETOS

Intervén a Sr. Concelleira Dna. Isabel e pregunta polo Decreto de aprobación de gastos de 05/12/2017 e solicita copia da factura de "Decomar Decoraciones y Servicios a la Construcción, S.L." e o acceso ao expediente.

E solicita ademais que se lle faciliten as seguintes facturas e acceso a expedientes:

- Facturas de todas as subministracións de auga nestes últimos seis meses.
- Copia da factura por importe de 1.240,25 € aprobada no Decreto de 14/12/2017 que se corresponde co Convenio ca Deputación Provincial en materia de augas, 3º trimestre.
- Factura de José Antonio Montes Feijoo por importe de 1.764,18 € aprobada no Decreto de data 14/12/2017
- Acceso ao expediente de concesión de axudas escolares 2017.
- Acceso ao expediente de Contratación Aprot-Rural.

- Copia da factura aprobada no Decreto de data 22/12/2017 por importe de 1.040,60 a favor de Pedro González Gayo de limpeza de pistas.

9º.- ROGOS

Intervén a Sr. Concelleira Dna. Isabel e di que quere facer unhas precisións en relación co manifesto da "Asociación de veciños do Viso" ao que se uniron e que consta na Acta da sesión do Pleno de data 30/11/2017:

"-ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO VISO

Toma a palabra a Sr. Concelleira Dna. Isabel e da lectura a un escrito de reivindicacións, que fan propias e que está asinado pola Presidenta da Asociación de veciños do Viso, Pilar Fernández Santamaría.

O texto transcribese, literalmente, a continuación:

Engade a Sr. Concelleira que quere por de manifesto unhas reflexións en relación co escrito desta Asociación que apoiaron e respecto ao que fixeron propias as súas reivindicacións.

E di que non viran o lugar onde estaban as peticións e que despois de falar coa Sra. Presidenta que están dacordo na mellora da iluminación e da estética da Capela, co cambio da marquesiña, etc.. Non obstante, que non estan a favor das lombas na estrada por ser moi estreito o tramo, e en vez de lombas parécelle mais axeitado colocar sinais de limite de velocidade.

Engade que en relación coa limpeza, beirarrúas, canalización das augas si o manteñen. Non coa petición do Centro Social, non están dacordo por ter dous locais sociais a unha distancia de 1 ou 2 km.

Que si están dacordo e que si van apoiar que teñan un centro de lecer con árbores, bancos, un cenador, etc. para que a xente maior se protexa do sol e das inclemencias do inverno.

Que a Sra. Presidenta da Asociación sinaloulle que había unha casiña que podería servir para esta finalidade.

Ao non haber máis asuntos a tratar na orde do día, cando son as trece horas e catorce minutos, (13:14'), o Sr. Alcalde da por concluída a Sesión, do que eu, como secretaria, dou fe.

O Alcalde

Juan Carlos Rodríguez Matías



A secretaria-interventora

Mª Begoña Cuntás Fernández

